

BANDO DA ALCALDÍA

O EXCMO. SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO FAI SABER AS NORMAS ÁS QUE TEÑEN QUE AXUSTARSE TÓDALAS FOGUEIRAS DE "SAN XOÁN" (LUME NOVO):

1ª.- Queda prohibido queimar rodas e cubertas de goma, plásticos ou calquera derivado de hidrocarburos, así como materiais ou produtos contaminantes, fedorentos ou tóxicos.

2ª.- As fogueiras non poderán facerse en lugares próximos á liña eléctrica, inmobles, zonas verdes ou de xardíns, e naqueles nos que poidan crearse situacións de perigo.

3ª.- O responsable ou responsables e os organizadores de cada fogueira han de retirar do lugar de celebración tódolos restos que queden unha vez rematada a queima.

4ª.- En caso de incumprimento do indicado ou de queixas fundamentadas dos veciños, procederase polo Servicio de Extinción de Incendios, e a requirimento da Policía Local, a sufocar de inmediato a fogueira.

5ª.- As solicitudes para obter o permiso para a queima faranse nos impresos que están a disposición dos interesados nas dependencias da Policía Local.

As 13:00 horas do día vinte e dous de xuño de 2012 finaliza o prazo de presentación de instancias.

Lugo, 30 de maio de 2012
O ALCALDE

Asdo.: Xosé Clemente López Orozco.